



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 14 DE XUÑO DE 2023 (1)

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00026881K.

Ratificación da urxencia da convocatoria

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00033382V.

Aceptar cesión de viario e licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Camiño dos Vilares, 42.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 11 de maio de 2023 outorgada ante notario co número de protocolo 1422. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de visado do 22/06/2022 e documentación presentada o 22 e 30/05/2023 e o 08/06/2023, cun orzamento de execución material de 126.750,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Camiño dos Vilares, 42 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2086/2018.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para realizar a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar situada na rúa dos Chouchiños.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 13/12/2022 , outorgada ante Notario co número de protocolo 1788. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 13/12/2018 e a documentación presentada o 09/05/2022, 16/12/2022 e o 09/06/2023, cun orzamento de execución material de 70.248,10 €, a reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa dos Chouchiños, Santiago de Compostela (A Coruña).

4. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 – (F/2023/725, F/2023/1910 e F/2023/1913).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2023/725, F/2023/1910 e F/2023/1913 (relación contable S/2023/166) emitidas por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A., en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación dos gastos por importe de CENTO SESENTA E SEIS MIL SEISCENTOS TRECE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (166.613,82 euros) considerando a suma das tres facturas (F/2023/725, F/2023/1910 e F/2023/1913) a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

5. DEPORTES. Referencia: 3519 – Fras. Xaneiro a marzo.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2023/1588, F/2023/1589 e F/2023/1592 (relación contable S/2023/165) emitidas pola mercantil AGRONERGA S.L., en concepto de servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015), correspondente ao período entre o 1 de xaneiro e o 14 de marzo de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015), correspondente ao período entre o 1 de xaneiro e o 14 de marzo de 2023.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SEISCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (3.679,85 euros) considerando a suma das facturas F/2023/1588, F/2023/1589 e F/2023/1592 (relación contable S/2023/165), a favor da empresa AGRONERGA S.L., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2270000 do orzamento vixente.

6. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00042927V.

Recepción definitiva das obras de reacondicionamento da plataforma da marquesiña de Xoán XXIII.

Autorízase á arquitecta municipal D^a T. V. H. para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de reacondicionamento da plataforma da marquesiña de Xoán XXIII adxudicadas á empresa BELENUSNATUR, SL. cun orzamento de adxudicación de 180.589,19 € (21% IVE engadido) asinando o contrato de obras o 24/11/2022.

7. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/20237168.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (8) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes ao período que abrangue desde marzo a maio do ano 2023

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (1.378,60 €), segundo relación contable de facturas S/2023/168 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2023/2113 por importe de 60,43 euros, e remata pola factura número F/2023/2692 por importe de 45,15 euros, emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00022235K.

Desestimación do recurso interposto por SERVINSERTA contra o acto da mesa de contratación relativo a súa exclusión do procedemento de adxudicación do contrato do Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela,

reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción consonte o establecido na D.A 4ª da Lei 9/2017 de Contratos

Desestímase o recurso presentado por SERVINSERTA EIL SLU contra o acto da mesa de contratación de excluída do procedemento de adxudicación do Servizo de mantemento e conservación do Monte Viso de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción consonte o establecido na D.A 4ª da Lei 9/2017 de Contratos por non acreditar a solvencia técnica requirida no PCAP.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051382N.

Prórroga do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, polo prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2023 ata o 14 de xuño de 2024 ao non dispoñer neste momento o Concello de locais propios adecuados nos que radicar esta oficina.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (maio de 2022 ata maio de 2023), a renda definitiva a partir de 15 de xuño de 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2023. Para o mes de xuño de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 945,53 € mais IVE (1.144,09 €). Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 13.729,08 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2022 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 7.474,72 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 6.254,36 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de maio de 2023 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 15 de xuño de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035096X.

Prórroga do contrato de aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende 6, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuinte e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 6-8 baixo da rúa Presidente Salvador Allende 6-8, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte, polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xullo de 2023 ata o 30 de xuño de 2024. ao non dispoñer neste momento o Concello de locais propios adecuados nos que radicar esta oficina

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 13.263,72 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, dos seguintes exercicios:

Anualidade 2023 (01/07/2023 ata 31/12/2023): 6.631,86 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2024 ata 30/06/2024): 6.631,86 €, que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- O importe mensual das facturas dende o 1 de xullo de 2022 ata que se revise o prezo do contrato será 913,48 € máis 191,83 en concepto de IVE, o que supón un importe total mensual de 1.105,31 €

Cuarto.- Respecto á revisión de prezos, a cláusula terceira do contrato asinado con data 7 de maio de 2003 establece que, no caso de prórroga, o prezo do aluguer incrementarase conforme a

variación que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2022).

Publicado o IPC de xuño de 2023 efectuarase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xullo de 2023, dando conta á Xunta de Goberno e a Intervención municipal.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035771H.

Validación de actuación e ampliación prazo de execución do contrato de obras da mellora de accesibilidade no concello (contrato reservado – D.A 4ª da LCSP).

Acórdase:

Primeiro.- Validar consonte o establecido no artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as actuacións realizadas ata o momento no contrato das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social (D.A. 4ª LCSP), emendando os defectos formais observados.

Segundo.- Ampliar, ao abeiro do establecido no artigo 195.2 da LCSP, o prazo de execución do contrato asinado con PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU. ata o 1 de agosto de 2023, xa que non se aprecian motivos imputables no retraso da execución das obras ao contratista, sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que si se lle puidesen ser imputables.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051731Q.

Prórroga do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios e revisión de IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2023 ata o 14 de xuño de 2024 ao non dispoñer neste momento o Concello de locais propios adecuados nos que radicar esta oficina.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (maio de 2022 ata maio de 2023), a renda definitiva a partir de 15 de xuño de 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2023. Para o mes de xuño de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 842,35 € mais IVE (1.019,24 €). Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 12.230,88 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2022 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 6.659,03 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 5.571,85 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de maio de 2023 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 15 de xuño de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00027263N.

Dar conta do Auto do 10 de maio do 2023 no PO 300*2022 do Xulgado de 1ª instancia nº5 de Santiago de Compostela.

Dase conta do Auto do 10.05.2023 do Xulgado de Primeira Instancia nº 5 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 300/2022

Demandante: CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Demandado: BANCO SANTANDER, S.A.; BROS NOROESTE EMPRESA INMOBILIARIA, S.L.; INVERSIONES INMOBILIARIAS CANVIVES, S.A.

Obxecto: Accións civís acumuladas relativas ao local de usos sociais situado na rúa República do Salvador; nulidade do acto de distribución da carga hipotecaria no que afectou ao local, cancelación do asento rexistral e nulidade do procedemento de execución hipotecaria EJI 199/2014; declarativa de dominio do local como ben de dominio público propiedade do Concello de Santiago de Compostela; subsidiariamente, aboamento da parte restante do aval outorgado por Bros Noroeste o 28.03.2005, por importe de 245.095,46 euros.

A Auto do que se da conta resolve unha excepción procesual de cousa xulgada formulada polas demandadas no acto da audiencia previa.

A xulgado admite unicamente esta excepción en relación coa acción de nulidade do acto de distribución da carga hipotecaria, ao entender que este acto, formalizado na escritura pública do 4.08.2008 é meramente complementario ao acto de constitución da hipoteca, que xa foi obxecto de sentenza firme desestimatoria —PO 86/2018—, téndose sinalado tanto pola Audiencia Provincial, en sede de apelación, como polo Tribunal Supremo en casación, que naquela demanda, presentada o 25.01.2018, podería terse exercitado esta acción de nulidade do acto de distribución, pero só se accionou contra o acto de constitución.

Por outra banda, o Auto desestima a excepción de cousa xulgada respecto das outras pretensións exercitadas, sendo unha delas, como se indicou máis arriba, a declarativa de dominio sobre o local, acción que é importante para contar cun título susceptible de inscrición do inmovible no Rexistro da Propiedade. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (patrimonio) para o seu coñecemento e efectos oportunos